

# 2015

# 1º BUDIÑORAI TERRAS DO LOURO



patrocinan:



3ª PROBA DA LIGA GALEGA DE RAIDS DE ORIENTACIÓN 2015



3 Concellos

10 horas

100 Km

7 SECTORES

6 DISCIPLINAS

ORI-Urbana  
Escalada  
Trekking  
Rappel  
Kayak  
BTT

SÁBADO

12  
SETEMBRO  
2015

colaboran:



patrocinan:



CHURRASQUERÍA TAVERNA



organiza:



budiñoraid

ELECTRÓNICA - CORTINA - MATERIALES



Anfibia impresión de vehículos terrestres y aéreos

y sujeción de piezas de plástico


categorías:

Élite

Aventura

Iniciación

información:



inscripciones/seguimiento GPS:



powered by Trilego

# BOLETÍN 3

**CONTIDO**

01_DESCRICIÓN XERAL da PROBA.....	3
02_COMO CHEGAR .....	5
03_HORARIOS.....	35
04_DISCIPLINAS e PROBAS ESPECIAIS .....	12
05_CATEGORIAS, FORMATOS de EQUIPO e PARTICIPACIÓN. ....	12
06_DISTANCIA, SECCIÓNs e DURACIÓN.....	15
07_ESQUEMA DE DESENROLO .....	3520
08_REGULAMENTOS. ....	27
09_INSCRICIÓNs, PRAZOS e PREZOS. ....	28
10_MATERIAL OBLIGATORIO .....	28
11_CLASIFICACIÓNs e PREMIOS. ....	33
12_ORGANIZACIÓN e CONTACTO.....	34
13_PATROCINADORES e COLABORADORES.....	35

## **01\_DESCRICIÓN DA PROBA.**

Un **raid de orientación** é unha "Competición multidisciplinar destinada a probar a capacidade de **resistencia**, de **navegación** e de **supervivencia** de **equipos en completa autonomía**. Os equipos deben completar un extenso percorrido no menor tempo posible, superando as dificultades naturais que atopen o seu paso utilizando exclusivamente as súas forzas, sen recibir axuda externa nin valerse de medios motorizados" (FEGADO).

**Multidisciplinar** porque ó longo do percorrido combínanse varias disciplinas deportivas de resistencia como son a Bicicleta de Montaña ou **BTT**, a carreira a Pé por Montaña ou **Trekking**, o **Kaiak**, o **Ráfting**, a **natación, etc...** intercalando ademais probas especiais puntuais como poden ser a **Escalada**, o **Rappel**, a **Tirolina**, probas de **Cordas**, de **Tiro**, **etc...**

**De resistencia** porque soen ser **de longa duración** e de **distancias largas**, transcorrendo por lugares con **importantes desniveis**.

**Con navegación** xa que o contrario de outras disciplinas de montaña en este tipo de probas o **percorrido** a realizar **non** se atopa **sinalizado** "in situ" no terreo se non que este o **decide**, segundo a **estratexia** elixida, **cada equipo** coa única axuda dos **mapas** facilitados pola organización no momento da saída e un **compás** .

**De estratexia** xa que para a clasificación final non só conta o **tempo** empregado en realizar o percorrido, se non que en primeiro lugar valóranse os puntos conseguidos na visita os **puntos de control (Cp's)** visitados polos equipos.

Os terreos nos que se desenvolven este tipo de probas soen ser en plena natureza, discorrendo sempre polos lugares más emblemáticos das

zonas delimitadas polos mapas, e sempre respectando os ecosistemas das árees polas que se circula.

O 1º BUDIÑORAID vai ser a 3ª proba da Liga Galega de Raids de Orientación 2015 e vai a discorrer polas chamadas TERRAS DO LOURO, nos concellos de O Porriño, Salceda de Caselas e Tui.

**Este vai a disputarse o Sábado 12 de Setembro de 2015 en horario de 9.00 a 19.00 h.**

O primeiro evento organizado polo BUDIÑORAID, a sección de Orientación da Asociación Deportiva A FORNA de Budiño, é un ambicioso proxecto que implica a tres dos concellos polos que discorre o Río que lle vai dar nome a esta edición.

As Gándaras de Budiño, o Faro de Budiño e o Faro de Cans no Concello de O Porriño, a Senda do Caselas, o Monte de San Cibrán e o Espicho do Faro de Entenza no Concello de Salceda de Caselas e as Veigas do Louro, ou o Río Miño no Concello de Tui son algúns dos preciosos espazos naturais existentes na zona polos que vai a discorrer esta primeira edición do noso Raid.


Un raid de longa duración xa que vai ter un percorrido de uns 100 km. de distancia repartidos en 7 sectores ó longo das 10 horas de competición, no que probablemente a gran parte dos equipos participantes non lles de tempo a visitar todos os puntos de control existentes, co cal terán que tirar de estratexia para elixir a mellor opción de percorrido segundo as súas condicións físicas e capacidade de orientación para obter o maior número de puntos posible.

Dende a organización esperamos que todos os amantes deste deporte de Aventura, dende os mais experimentados competidores na liga autonómica, así como os mais novatos e inexpertos xa que imos a contar tamén con unha categoría de iniciación, vos acheguedes a disfrutar con nós do primeiro evento de este tipo que se celebra na zona para participar de unha experiencia inesquencible en un entorno inigualable.


**02 \_COMO CHEGAR.**

**As Terras do Louro**, denominación que o equipo organizador do BUDIÑORAID nos permitimos a licenza de darlle os terreos por onde vai a discorrer a proba deste ano 2015, atópanse situadas entre as Comarcas da **Louriña e o Condado**, no sur da provincia de **Pontevedra**.

Alyssalover © 2005  
free use allowed



**01\_Situación de O Porriño en Galicia**



## 02\_Situación de O Porriño na Louriña (Comarca veciña a Vigo)


Se ben o raid vai a discorrer por terras dos 3 concellos que se veñen de citar no punto anterior, **O Porriño, Salceda de Caselas e Tui**, o centro neurálgico da proba que albergará a Saída e Meta da proba vaise situar na parroquia porriñesa de **BUDIÑO**.

BUDIÑO é a parroquia de maior superficie e a mais poboada do Concello de O Porriño, e atópase situada na esquina surleste do mesmo.

Como anécdota é importante indicar que este BUDIÑO do que estamos a falar, **San Salvador** ou “**Budiño de arriba**”, é unha parroquia distinta a de **San Estevo de Budiño**, ou “**Budiño de abajo**”, que é a parroquia situada mais ó oeste do concello de Salceda de Caselas, e que limita coa anterior polo sur.



## 03\_Situación de BUDIÑO no Concello de O Porriño



## 03\_BUDIÑO, O Porriño, no cruce entre a A-9 e a A-52

O concello de O Porriño, e por extensión a parroquia de Budiño, son de moi fácil acceso xa que se atopan situadas en unha importante **encrucillada** de vías de comunicación como é o cruce entre a **Autopista A-9** (Ferrol – Tui), ou o que praticamente ven a ser o mesmo a **N-550**, coa **Autovía A-52** (Vigo – Benavente), ou o que ven a ser praticamente o mesmo, a **N-120**.

Cal é o mellor xeito de chegar ata Budiño?

**1\_ Se veño de Ferrol, A Coruña, Betanzos, Ordes, Santiago, Porto do Son, Pontevedra e Vigo:**

**1.1\_ Autopista A-9**, dirección **Tui / Portugal**, ata a **saída 168** cara a **A-55**.

**1.2\_ Autovía A-55**, dirección **Tui / Portugal**, ata a **saída 18B** (ollo que a 18 é unha saída dobre, non hai que saír na 18A!!), cara a **PO-510, Salceda de Caselas / Salvaterra do Miño.**

**2\_ Se veño de O Barco, Lugo, Ourense:**

**2.1\_ Autovía A-52**, dirección Vigo, ata o **final, saída 307** cara a **A-55, Tui / Portugal** (ollo, hai que situarse no carril da esquerda para non ir hacia Vigo)


**2.2\_ Autovía A-55**, dirección **Tui / Portugal**, ata a **saída 18B** (ollo que a 18 é unha saída dobre, non hai que saír na 18A!!), cara a **PO-510, Salceda de Caselas / Salvaterra do Miño.**

**3\_ Para todas as direccións:**

**3.1\_ Unha vez na PO-510** circulamos **3 kms** atravesando a **Zona de Canteiras e Industrial** ata chegar a **Budiño**.

**3.2\_ A altura da última industria á esquerda, Canteiros do Porriño S.L.,** collemos o **desvío á esquerda en subida cara as canteiras.** (estarán sinalizado dende aquí)

**3.3\_ Collemos ó primeiro desvío á Dereita e xa estamos no Centro Cultural A FORNA de Budiño, O Porriño.**



**04\_Chegadas dende a A-9 e a A-52 a A-55 e saída a PO-510**

As **coordenadas GPS** do Centro Cultural A FORNA son as seguintes:

**Graos decimais: 42.118551, -8.606586**

**Graos, minutos e segundos: 42°7'7,8"N, 8°36'22,8"O**

Tamén tés toda a información de cómo chegar na **páxina web** da **Asociación Cultural A FORNA**:

<http://cultural.aforna.org/PLANO/plano.htm>

## 03\_HORARIOS.

O BUDIÑORAID Terras do Louro 2015 vai presentar os seguintes horarios:

DÍA	HORA	LUGAR	EVENTO
MARTES 8	23.59	<a href="http://www.Tracktherace.com">www.Tracktherace.com</a>	Peché Inscríções
MÉRCORES 9	22.00	<a href="http://www.fegado.es">www.fegado.es</a> <a href="http://www.btt.aforna.org">www.btt.aforna.org</a>	Lista Equipos Inscritos
XOVES 10	22.00	<a href="http://www.fegado.es">www.fegado.es</a> <a href="http://www.btt.aforna.org">www.btt.aforna.org</a>	Publicación Raid Book
VENRES 11	20.00 – 22.00	Pavillón Municipal O Porriño	Recollida de Documentación
SÁBADO 12	07.00 – 08.15	Centro Cultural A FORNA Budiño	Recollida de Documentación
SÁBADO 12	08.15	Centro Cultural A FORNA Budiño	Breafing
SÁBADO 12	08.45	Centro Cultural A FORNA Budiño	Entrega de Mapas
SÁBADO 12	09.00	Centro Cultural A FORNA Budiño	SAÍDA Élite + Aventura
SÁBADO 12	14.00	Praza do Concello Salceda de Caselas	SAÍDA Orienta - Raid
SÁBADO 12	19.00	Centro Cultural A FORNA Budiño	META Élite + Aventura
SÁBADO 12	19.00	Centro Cultural A FORNA Budiño	META Orienta - Raid
SÁBADO 12	20.00	Centro Cultural A FORNA Budiño	ENTREGA DE PREMIOS
SÁBADO 12	20.15	Centro Cultural A FORNA Budiño	APERITIVO POSTCARREIRA

**FORA DE CONTROL:**

Os equipos que entren fóra de control perderán todos os puntos da sección que estean disputando.

Considerase que un equipo entra fóra de control canto **teña superado o tempo efectivo de carreira** que teña para **entrar en meta**.

**O tempo efectivo de carreira** será o resultado de **sumar á hora de peche de meta**, indicada na táboa anterior para cada categoría, **as Neutralizacións de cada equipo**.

Poderá producirse aglomeración de equipos, e polo tanto neutralización dos tempos de carreira nos seguintes puntos do raid:

**1\_ Proba Especial de Escalada.**

**2\_ Acceso ó río no Sector 5.**

**3\_ Proba Especial de Rappel.**

Procederáse a neutralizar o tempo de carreira nos seguintes puntos:

**1\_ Controis de Material Obrigatorio.**

Aunque haxa personal da organización controlando os puntos de neutralización será responsabilidade de cada equipo realizar correctamente o picado das balizas de neutralización e desneutralización do tempo de carreira.

En todos os puntos que se neutralice o tempo de carreira **é suficiente con que un único compoñente do equipo faga a picada** para toma de tempos.

Cada equipo será o único responsable de coñecer estes tempos, (por exemplo utilizando un cronómetro) **a organización non facilitará estos datos en ningún momento da proba.**

## **04\_ DISCIPLINAS e PROBAS ESPECIAIS.**

O **BUDIÑORAID Terras do Louro 2015** contará coas seguintes disciplinas:

- **Trekking.**
- **BTT**
- **Orientación específica a pé.**
- **Kaiak.**

E incorporará as seguintes **probas especiais** intermedias:

- **Rappel.**
- **Escalada.**

## **05\_ CATEGORIAS, FORMATOS de EQUIPO e PARTICIPACIÓN.**

A Proba vai incluír as seguintes categorías de competición baixo os seguintes formatos de equipo:

- **Elite:** Equipos de 4 compoñentes, **3 sempre en carreira + 1 asistencia.** Non se poderá relevar ós 3 compoñentes en carreira en ningún momento da proba. Varios equipos do mesmo clube poden compartir a mesma asistencia. Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición indicados a tal efecto. Os equipos que incorporen entre os seus competidores a lo menos 1 muller clasificarán, a efectos do ranking da liga galega, como **mixtos.**
- **Aventura:** Equipos de 3 compoñentes, **2 sempre en carreira + 1 relevo/asistencia.** O compoñente do equipo que realiza a asistencia pode relevar a un compoñente en carreira nas

transicións indicadas a tal efecto. Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición indicados a tal efecto. Os equipos que incorporen entre os seus competidores a lo menos 1 muller clasificarán, a efectos do ranking da liga galega, como **mixtos**.

- **Oriente - Raid:** Equipos de 3 compoñentes, **2 sempre en carreira + 1 relevo/asistencia.** O compoñente do equipo que realiza a asistencia pode relevar a un compoñente en carreira nas transicións indicadas a tal efecto. Soamente se poderá asistir ó equipo nos puntos de Transición indicados a tal efecto. Os equipos poderán estar formados únicamente por homes, únicamente por mulleres, ou ser mixtos.

Para poder participar no BUDIÑORAID\_Terras do Louro 2015 será obligatorio que **todos os participantes** teñan **18 anos cumplidos**, e deben estar en posesión da **licenza de Raids** da FEDO, ben na súa versión anual, ou ben tramitando a licenza de un día, con un custe esta de **2 €**.

Para que un equipo poida puntuar no **Ranking** da **liga galega de raids de orientación 2015** todos os seus membros deberán ter tramitada a **licenza anual** de raids 2015 da FEDO.

## **PROGRESIÓN EN SOLITARIO**

“é aquela situación na que un **competidor de un equipo avanza só** polo terreo, co obxectivo de solventar ou sacar proveito de algúnhia circunstancia competitiva”

No **BUDIÑORAID \_ Terras do Louro 2015** está **totalmente prohibido** que un corredor de un equipo progrese en solitario, a **excepción** das Probas Especiais de **Escalada e Rappel** e o **3º compoñente** dos equipos **élite no sector do Kaiak**, que debe avanzar correndo pola beira mentres os outros dous reman.

**O equipo que progrese en solitario será **descualificado**.**

### **EQUIPO SEPARADO**

“É aquela situación na que **os componentes de un equipo teñan perdido o contacto visual directo entre si**, e este contacto non se recupere de forma natural en menos de 1 minuto”

No **BUDIÑORAID \_ Terras do Louro 2015** está **totalmente prohibido** que un equipo progrese separado.

**O equipo que progrese separado será sancionado coa perda de **5 puntos**.**

### **PUNTOS DE CONTROL DE PASO**

Todos os puntos de control do **BUDIÑORAID 2015** estarán **equipados con un sistema electrónico de control de paso** (e tamén pinza manual tradicional a empregar en caso de nun funcionamento da baliza electrónica, e balizas checas a empregar en caso de roubo da baliza, e só en este caso!). **Todos os componentes do equipo**, que van levar unha tarxeta SI suxeita o antebrazo con unha pulseira inviolable, **deberán “picar” o Punto de Control**, e deberán facelo **todos eles en un intervalo máximo de tempo de 1 minuto**.

Os propios competidores serán responsables de non romper o precinto inviolable, de limpar a tarxeta de control e comprobar que funcione correctamente antes do inicio do raid e en cada punto de descarga intermedio, de non extraviala ou perdela, de mantela en boas condicións de uso, e de fichar correctamente en cada control.

Se en algún momento do Raid se percibe a rotura (parcial ou total) da pulseira que suxeita a pinza de control, este feito debe ser posto en coñecemento do persoal da organización que leva o cronometraxe para que esta sexa substituída o antes posible.

## **AXUDA EXTERNA**

**“Durante o desenrolo da competición, no percorrido da mesma, non se permitirá que interveñan outras persoas que non sexan os compoñentes dos equipos debidamente inscritos”**

No BUDIÑORAID \_ Terras do Louro está totalmente prohibido proporcionar axuda ou dar instrucións ós competidores durante o percorrido, fóra dos puntos de Transición acoutados a tal efecto.

**Toda axuda que se considere externa implicará a descualificación do equipo.**

## **06 DISTANCIA, SECCIÓNs e DURACIÓN.**

O BUDIÑORAID 2015 vai a dividirse nos seguintes **sectores** de competición, e vai a realizarse baixo as seguintes **disciplinas** incorporando as seguintes **probas especias**, sobre as seguintes **distancias**, e para o seguintes **melhores tempo aproximados** para cada unha das categorías que se acaban de citar:

SECTOR	DISCIPLINA	PROBA ESPECIAL	DISTANCIA	MELLOR TEMPO APROXIMADO	CATEGORÍA
S1	TREKKING	ESCALADA	11 km	1h40'	E + A
S2	BTT	ORI - Pé	26+2km	2h40'	E + A
S3	TREKKING		6 km	40'	E + A
S4	BTT		23 km	1h30'	E+A+OR
S5	KAIAK	RAPPEL	8 km	1h15'	E+A+OR
S6	ORI - Urbana		4 km	30'	E+A+OR
S7	BTT		24 km	1h45'	E+A+OR
<b>TOTAL 1</b>			<b>59 Km</b>	<b>5h00'</b>	<b>OR</b>
<b>TOTAL 2</b>			<b>104 Km</b>	<b>10h00'</b>	<b>E + A</b>

## RAID LIÑAL

O BUDIÑORAIID 2015 vai ser un raid liñal, o que supón que todos os equipos están obligados a **facer os sectores na orde indicada** xa que van a existir **varios puntos de Transición** entre eles e non todos van a estar situados no mesmo lugar.

## SECTORES LIÑAIS/SCORE.

A pesares da orde xeral dos sectores no BUDIÑORAIID\_Terras do Louro haberá **Sectores Liñais** e **Sectores Score**.

Un **Sector Liñal** é aquel no que os **PC's** (puntos de control) existentes no mesmo teñen que ser **visitados obligatoriamente na orde establecida**. Isto non quere dicir que todos teñan que ser visitados, pódense descartar igualmente PC's en estes sectores, sen embargo a pesar de isto débese continuar a orde establecida. Por exemplo, debemos visitar o PC 1, a continuación o PC2, decidimos descartar e non visitar o PC3, pero a continuación obligatoriamente nos temos que dirixir o PC4 (se non decidimos descartar este) para continuar co PC5, PC6, etc...

Un **Sector Score** é aquel no que os **PC's** existentes no mesmo poden ser **visitados na orde que decidamos**. Por exemplo, en primeiro lugar decidimos visitar o PC 6 porque está mais preto, a continuación o PC2 xa que continuamos correndo por terreo chan, a continuación decidimos descartar e non visitar o PC7 porque está en unha cota moi elevada, pero a continuación decidimos ir o PC1 para continuar co PC5, PC3, PC6, etc...

Un Sector Score pode ser realizado en modo liñal se así o decidimos, todos os controis picados serán válidos, e correcto o sector. Pola contra **se non realizamos un Sector Liñal na orde establecida**, ou sexa en Score, o **sector será incorrecto, e non se dará por válido ningún punto de control visitado**.

Serán **sectores Liñais** no Budiñoraid 2015 os seguintes:

**S2, S4 e S7**, ou sexa, os sectores de BTT.

Serán sectores Score os demais sectores do Raid:

**S1, S3, S5 e S6**, ou sexa, os trekkings e o kaiak.

**A Proba Especial de Orientación a Pé** situada no medio do sector 2 (mapa 2.3) tamén será Score, a pesar de atoparse no medio de un sector liñal.

### **RAID DE ESTRATEXIA**

O BUDIÑORAID 2015 vai ser un raid de Estratexia. Non todos os equipos que van participar van ser quen de completar a totalidade das distancias que se acaban de indicar na táboa anterior para cada sector no tempo efectivo total de carreira. Para non chegar fora de control vai haber pois que empregar a estratexia, xa que haberá que deixar de visitar algúns puntos de control, incluso dende os primeiros sectores xa (os dous primeiros van a ser os mais duros de todo o Raid). Debido a importante variedade de tipos de terreo polos que vai discorrer a proba, o que vai facer que a dificultade física e técnica para acadar cada punto de control sexa diferente en cada un deles, no Budiñoraid deste ano cada punto de control vai a ter unha puntuación diferente. Recordade que a clasificación xeral final vai a ter en conta en primeiro lugar a puntuación total obtida polo que ten unha enorme importancia facer unha boa estratexia á hora de elixir que puntos de control visitar e cales descartar en función da puntuación de estes.

### **HORAS DE PECHE**

“A hora de peche de un sector é a hora límite fóra da cal non é valido realizar a parte do percorrido que lle afecte. En carreira, unha hora de peche establecida en un punto indica a hora a partir da cal non se poderá realizar a sección ou controis que continúan o percorrido. Os equipos que cheguen con posterioridade ó peche de un control non poderán iniciar a sección,

certificar o paso, ou realizar a proba especial que o teña establecido. **Os controis fichados fora da hora de peche non serán válidos.”**

A organización do 1º BUDIÑORAIID establece as seguintes **horas de peche** para os sectores e probas especiais seguintes:

**1\_ Sector 1\_ Hora de Peche 12.00 h.**

**2\_ Sector 2\_ Hora de Peche 14.00 h.**

**3\_ Sector 3\_ Hora de Peche 14.00 h.**

**4\_ Sector 4\_ Hora de Peche 18.00 h.**

**5\_ Sector 5\_ Hora de Corte 18.00 h.**

**6\_ Sector 6\_ Hora de Peche 18.00 h.**

**7\_ Sector 7\_ Hora de Peche 19.00 h.**

Isto supón que **a partires de esa hora** os corredores poden continuar realizando o sector ou proba especial na que **se atopen** (a excepción da hora de peche da Meta), pero xa **non terá validez calquera punto de control que se pique despois de esa hora.** Se pola contra **aínda non se chegou** a ese sector ou proba especial que ten a hora de peche establecida xa **non se poderá acceder** ó mesmo.

## **HORAS DE CORTE**

“A hora de corte é a hora a partires de cal **queda prohibido iniciar ou continuar a progresión** en unha sección, tramo ou proba especial.”

**A organización do 1º BUDIÑORAIID, en principio, e salvo causa maior por tema de seguridade, non vai establecer ningunha hora de corte na proba.**

Se houbese que establecela inevitablemente durante a realización da proba todos os equipos serían avisados "in situ" coa antelación

suficiente. Isto suporía que a partires de esa hora **xa non se podería continuar realizando** o sector ou proba especial no que se atopasen. Se pola contra **aínda non se chegou** a ese sector ou proba especial que ten a hora de corte establecida xa **non se poderá acceder** ó mesmo.

**Superar unha hora de corte supón a perda total dos puntos do sector ou proba especial no que se atope o equipo en ese momento, ademais de non poder saír ó seguinte sector do raid.**

Cando un equipo non poida iniciar unha Proba Especial ou un Sector por ter superado a hora de Corte do mesmo deberá desprazarse directamente ata a transición onde empece o seguinte sector. Este desprazamento deberá realizalo a pé ou en bici e sen recibir axuda externa. O emprego de un vehículo motorizado, xa sexa para transporte ou remolque consideraráse axuda externa e o equipo será descualificado.

### **HORA MÁXIMA DE INICIO**

A hora máxima de Inicio de unha Sección ou Proba especial é a hora a partires da cal **queda prohibido iniciar esa parte do percorrido**.

A organización do 1º BUDIÑORAID establece as seguintes **horas máximas de inicio** para os sectores e probas especiais seguintes:

**1\_ Sector 2\_ Hora Máxima de Inicio 12.30 h.**

**2\_ Sector 4\_ Hora Máxima de Inicio 14.30 h.**

**2\_ Sector 7\_ Hora Máxima de Inicio 18.30 h.**


Cando un equipo non poida iniciar unha Proba Especial ou un Sector por ter superado a hora Máxima de Inicio do mesmo deberá desprazarse directamente ata a transición onde empece o seguinte sector. Este desprazamento deberá realizalo a pé ou en bici e sen recibir axuda externa. O emprego de un vehículo motorizado, xa sexa para transporte ou remolque consideraráse axuda externa e o equipo será descualificado.

As horas de Peche, Corte e Inicio intermedias do BUDIÑORAIID 2015 non se verán modificadas nin ampliadas baixo ningún concepto unha vez iniciada a proba. Isto inclúe as bonificacións e neutralizacións, a excepción da hora de Peche de Meta, que si se pode ver ampliada por esta última.

## **07\_ ESQUEMA DE DESENROLO.**

### **TRANSICIÓNS**

O BUDIÑORAIID 2015 é un **Raid Liñal**, o que implica que van existir **varios puntos de transición** situados en **diferentes lugares** das Terras do Louro. En estes puntos de transición vai a existir sempre unha **zona de boxes**, numerados para cada equipo, a cal soamente se poderá chegar e saír por un **único punto**, no que haberá que **picar o control** sempre á chegada.



Esquema dos Sectores, Probas Especiais e Transicións do BUDIÑORAIID 2015.

## **SISTEMA Sport Ident.**

O control de tempos e puntos de control do BUDIÑORAIID 2015 vaise realizar co sistema **Sporti Ident**. Debido a limitada capacidade das pinzas electrónicas de control e o maior número existente de Puntos de Control no Raid **vai haber varios puntos de descarga de datos e limpeza de tarxetas intermedios.**

Estes puntos van a estar **situados sempre no punto de acceso ás transicións** que se acaban de describir no punto anterior.

A organización do Budiñoraid 2015 establece os seguintes puntos de descarga intermedios:

**1\_ T1\_ Descarga o finalizar o Sector 1.**

**2\_ T2\_ Descarga o finalizar o Sector 2.**

**3\_ T3\_ Descarga o finalizar o Sector 5.**

**4\_Meta\_ Descarga o finalizar o Sector 7.**

**A mesa de Descargas situarase sempre no acceso ós Boxes da Transición.**

En todas as Transicións se disporán **Boxes numerados** para uso exclusivo do seu equipo correspondente, único lugar onde se pode facer a asistencia e relevo de componentes do equipo.

**Nas transicións onde finalicen varios sectores vanse situar accesos independentes para cada un de eles, diferenciando acceso simple con picada de baliza final, e acceso de picada de baliza final de sector, descarga, base SI de limpeza e base SI de comprobación.**

No día da proba a organización pode axudar a identificar estes puntos , pero é única e exclusiva responsabilidade dos equipos proceder

a correcta picada da baliza final de sector, e/ou descarga e limpeza das súas tarxetas en estes puntos intermedios si procede.

### **PROBAS ESPECIAIS**

As 3 probas especiais a realizar polos equipos no BUDIÑORAIÐ \_Terras do Louro 2015 vanse atopar todas elas **no medio de un sector**, segundo se ven de indicar no esquema anterior, **alonxadas** todas elas **dos puntos de Transición**, polo que se fai necesario que **os equipos teñan que portar consigo o material** pertinente para realizar estas probas.

Estas **probas**, o igual que o resto de Puntos de Control de todo o Raid, van a ser **optativas**, co cal non é obligatoria a súa realización. Os equipos que as superen correctamente poderán picar a baliza correspondente a cada proba, obtendo a **bonificación** correspondente, que será en **puntos**, o igual que todos os demais Puntos de Control do Raid.

As Probas de **Escalada e Rappel** (PE1 e PE3) deberán ser completadas por **un único compoñente do equipo**, mentres que a Proba de **Orientación específica a Pé** ( PE2) debe ser completada por **todos os membros do equipo**, nas mesmas condicións que o resto de sectores do raid.

### **ESCALADA**

A **PE1** será unha **proba de escalada**. No lugar haberá **varias vías** de escalada para evitar aglomeracións e neutralizacións na medida do posible, pero todas elas teñen a **mesma dificultade** e o **mesmo valor en puntos**.

A maneira de proceder unha vez se chegue á proba especial de Escalada será o seguinte:

**1\_ En primeiro lugar vaise situar unha zona de control da proba especial de escalada. Unha vez chegados a ese punto o corredor que vai a facer a escalada debe equiparse totalmente (a excepción do casco).**

**2\_ Se están ocupadas as 3 vías de escalada existentes o escalador (e só este compoñente do equipo) deberá picar a baliza de neutralización do tempo de carreira. Se houbese algunha vía libre xa non se procedería a realizar este paso e o escalador poderá acceder a zona de escalada directamente.**

**3\_ Zona de escalada.** A este punto só podrá acceder o compoñente do equipo que vaia a realizar a proba especial. Os demais compoñentes do equipo deberán permanecer na zona de control esperando a que o seu compañoero realice a citada proba.

**Unha vez en este punto o escalador debe colocarse o casco antes de comenzar o ascenso. O casco obligatorio para a realización de esta proba especial será aportado pola organización, co cal non se deberá portar durante toda a S1. Si se deberá portar o resto do material obligatorio para realizar esta proba.**

**O propio escalador debe ser quen de suxeitarse correctamente á corda da escalada sen axuda dos monitores da proba. Se este non fosen quen de facelo os monitores poderán ordenar o corredor que abandone a proba especial, sen que poida ocupar o seu lugar outro compoñente do equipo.**

**4\_ Escalada.** A baliza de control da Proba Especial da Escalada atoparase situada na parte mais alta da parede a subir. **O escalador deberá alcanzar este punto e picar a baliza** para conseguir os puntos da proba. Se este non fose capaz de logralo non se dará por conseguida a proba especial e polo tanto non se obterán os puntos correspondentes.

**5\_ Unha vez se finalice o descenso o escalador deberá soltarse da corda de escalada por sí mesmo, deixar o casco en ese punto e dirixirse xunto os seus compañeiros no punto de control da proba, dende onde poderán continuar co sector.**

#### **ORIENTACIÓN A PÉ**

**A PE2** vai ser un **Sprint de Ori-Pé** con un mapa que recolle as curvas de nivel e camiños existentes sobre unha **ortofoto**. Deben realizalo **todos os membros do equipo** xuntos, tendo que picar o **Punto de Control** todos eles no **mesmo minuto**. **Esta proba especial, a pesares de se atopar dentro de un sector liñal poderáse realizar en score.**

A maneira de proceder unha vez se chegue á proba especial de Escalada será o seguinte:

**1\_ Zona Restringida para a custodia das bicis.** A organización vai a dispoñer de un área acoutada con acceso restrinxido ós raiders para deixar as súas bicis custodiadas por persoal da organización mentres realizan a proba especial.

**2\_ Equipamento.** Unha vez se acceda a esta zona restringida os corredores poderán equiparse para realizar a proba de trekking e deixar o casco e zapatillas de btt xunto a súa bici.

**Cada equipo deberá portar ata este punto o material obligatorio (e recomendable no seu caso) para a realización de esta proba (zapatillas de correr)**

**3\_ Esta proba especial deberá ser realizada por todos os compoñentes do equipo en carreira xuntos**, como o resto do raid, debendo todos e cada un de eles picar os puntos de control **no mesmo minuto**.

**Esta proba especial poderá ser realizada en Score a pesar de se atopar dentro de un sector liñal.**

### **RAPPEL**

**A PE3 vai a ser un Rappel Descolgado no medio do sector de Kaiak.**

A maneira de proceder unha vez se chegue á proba especial de Escalada será o seguinte:

**1\_ Zona de Desembarco. Punto de control 97.** En este punto **un dos dous compoñentes do equipo que se atopen no kaiak deberá desembarcar do mesmo.** Para os equipos de categoría élite en este punto vanse a atopar dous compoñentes do mesmo, o que descende do kaiak e o que ven correndo pola beira (mantense a obligatoriedade de picar as balizas os 3 membros do equipo no mesmo minuto, e en este punto atópase un punto de control, o número 97)

**2\_ Zona de Control do Rappel. Un só compoñente do equipo deberá dirixirse á parte superior da Ponte onde se vai a realizar o rappel.** ( en categoría élite o segundo corredor apeado permanecerá a espera no punto de desembarco anterior) **Unha vez chegado a este punto de control o rapelador deberá equiparse completamente para a realización do descenso.** Ademais do material obligatorio de carreira e o obligatorio do rappel deberá levar posto o **chaleco salvavidas do kaiak.**

**3\_ Se están ocupadas as 2 vías de descenso existentes o rapelador ( e só este compoñente do equipo) deberá picar a baliza de neutralización** do tempo de carreira. Se houbese algunha vía libre xa non se procedería a realizar este paso e o corredor poderá acceder a zona de rappel directamente.

**4\_ Zona de rappel.** En este punto o rapelador deberá **en primeiro lugar asegurarse** á vaga de ancoraxe e mosquetón de seguridade existentes na barandilla da ponte antes de ancorarse para o descenso.

Unha vez asegurado procederá a ancorarse á corda principal de descenso. Para isto deberá utilizar **unha vaga de ancoraxe de 60 cm suxeita directamente ó arnés e unida o 8 que deberá situar na corda de descenso mediante un mosquetón de seguridade.** Ademais deberá unir o **cordino de seguridade** á corda principal en un punto inferior ó 8 realizando un **Nudo Machard** e suxeitar ambos extremos directamente ó arnés coa axuda de un **segundo mosquetón** de seguridade.

Para poder descender deberá ir equipado tamén con **casco** (vale o da btt)

**O propio rapelador debe ser quen de equiparse e suxeitarse correctamente á corda de descenso sen axuda dos monitores da proba.** Se este non fosen quen de facelo os monitores poderán ordenar o corredor que abandone a proba especial, sen que poida ocupar o seu lugar outro compoñente do equipo.

**3\_ Descenso.** Antes de comenzar o descenso do rappel o corredor deberá **picar a baliza de control** de esta proba especial.

Por seguridade **non está permitido que o rapelador baixe ata a auga** e logo intente subir ó kaiak, **obrigatoriamente** a persoa que rapela **debe ser recollida polo kaiak para poder soltarse da corda de descenso con seguridade.**

Unha vez rematado o descenso o equipo poderá continuar co sector de kaiak no que se atopa. **Os equipos élite poderán achegarse o punto de desembarco para cambiar os ocupantes do kaiak se así o desexan.**

Para poder realizar as Probas Especiais que se veñen de describir, **cada equipo** ten que **posuír, portar, e saber colocar e manexar o material obligatorio de seguridade** que se indica nos apartados posteriores. Se a persoa que está a controlar as probas especiais comproba en algún momento que non se cumpren estes requisitos, ou que a persoa que vai a

realizar a proba **non domina a técnica a utilizar**, pode **prohibir ó equipo a realización da proba** en cuestión.

Seremos totalmente estrictos cos seguintes puntos da normativa:

*“Os participantes son enteiramente responsables de realizar as probas especiais cumprindo os protocolos de progresión e normas de seguridade establecidos, así como, de dispoñer e utilizar apropiadamente o material de seguridade obligatorio.”*

*“ Os equipos absteránse de pedir supervisión ou axuda ós Xuíces ou Controladores de Seguridade, a axuda externa conllevará a descalificación”*

(De esta Norma exceptúanse os compoñentes da categoría Orienta-Raid)

*“ Os equipos que non cumpran coas normas establecidas, ou que non demostren dominio dos protocolos de progresión deberán abandonar a proba. Si non o fixeran, nin sequera a instancias do Xuíz de Seguridade, poderán ser expulsados da competición”*

## **08\_ MEDIO AMBIENTE.**

O BUDIÑORAID\_Terras do Louro 2015 vai discorrer na súa gran mayoría por **espazos naturais**. Algúns de estes están catalogados como **L.I.C., Lugar de Interese Comunitario**, e protexidos polo tanto dentro dos **Espazos Naturais da Rede Natura 2000**. Como en todas e cada unha das probas que se desenrolan na natureza estamos obrigados a **coidar e respectar** os lugares polos que pasamos, pero con mais xeito si cabe en este caso que imos atravesar **As Gándaras de Budiño** e o espazo natural do **Baixo Miño**. Prégase pois a todos os corredores que **non tiren ningún tipo de lixo, respecten os trazados existentes** en estes espazos naturais, nin discorrendo por fora dos camiños existentes (non se vai a obter

vantaxe algunha) e circular en **silencio** co fin de non molestar a rica fauna existente.

**Os equipos que non respecten estas normas serán sancionados.**

## **09\_ZONAS e ESTRADAS PROHIBIDAS e PASOS OBRIGADOS.**

En zonas puntuais o BUDIÑORAID 2015 vai a discorrer por **zonas poboadas**, algunas **zonas industriais** onde hai canteiras de extracción de granito, e lugares con numerosas e **importantes vías de comunicación** que hai que **atravesar** (Autowía, Nó de enlace de varias Vías Ferroviarias e Estradas Autonómicas). Co fin de **atravesar** estas infraestruturas en unhas **condicións óptimas de seguridade** a organización vai a dispoñer varios **Pasos Obrigatorios**, perfectamente indicados nos mapas de cada sector, polos cales os corredores deben cruzar. Ademais vanse a sinalar como **zonas prohibidas** algunas áreas onde o acceso e o tránsito non é posible.

A organización, co fin de organizar o tráfico en estes puntos, vai a dispoñer **personal do clube controlando** estes **pasos obrigatorios** e así como as **zonas prohibidas**, os cales ó mesmo tempo van a tomar nota dos equipos que atravesan cada paso en cada momento. **Os equipos que non crucen as estradas e vías ferroviarias por estos pasos obrigatorios e o fagan polas vías e/ou áreas prohibidas serán descualificados** xa que estarán incumprindo unha norma de seguridade.

## **10\_REGULAMENTOS.**

O ser o **BUDIÑORAID Terras do Louro** unha das probas puntuables para da **Liga Galega de Raids de Orientación** 2015, ademais de estar suxeito ó presente regulamente particular, tamén o estará tanto o

**Regulamento de raids 2015 da FEGADO.** O cal se pode consultar no seguinte enlace:

<http://fegado.es/web/uploads/documents/file/33d/54a1237541-04-rgto-fegado-raid-2015-29-nov-2014.pdf>

Así como ás **Normas Anuais de Raid 2015 da FEGADO**, que tamén se poder ver no enlace posto a continuación:

<http://fegado.es/web/uploads/documents/file/f42/54a123893b-05-normas-anuales-raid-2015-29-nov-2014.pdf>

## **11\_INSCRICIÓNNS, PRAZOS e PREZOS.**

As inscricións para esta proba estarán abertas dende o **Mércores 15 de Xullo de 2015 ás 00.00 h.** ata o **Martes 8 de Setembro de 2015 ás 23.59 h.**, e serán as seguintes:

- **ELITE:** O prezo da inscrición por equipo será de **54€ ata o 1 de Setembro as 23:59 horas** e de **65€** dende o 2 de setembro ata as **23:59h. do Martes 8 de Setembro** .
- **AVENTURA:** O prezo da inscrición por equipo será de **54€ ata o 1 de Setembro as 23:59 horas** e de **65€** dende o 2 de setembro ata as **23:59h. do Martes 8 de Setembro** .
- **ORIENTA - RAID:** O prezo da inscrición por equipo será de **40€ ata o 1 de Setembro as 23:59 horas** e de **51€** dende o 2 de setembro ata as **23:59h. do Martes 8 de Setembro** .

Para todas as categorías os membros do equipo que non teñan licenza anual de Raid terán que tramitar **a licenza de proba** cun custe adicional de **2€** por persoa. Cada compoñente do equipo precisará dunha **tarxeta Sport - Ident** para o control das picadas. Se non se dispón da

mesma a organización procederá a alugarlle unha cun custe adicional de 3€ por persoa (**a perda ou rotura da mesma suporá o pago de 28€**).

**As inscricións faranse obligatoriamente a través da plataforma <https://tracktherace.com/es>, que prestará o servizo de seguimento da proba en tempo real a través de GPS.** Para isto cada equipo deberá portar durante toda a proba un pequeno dispositivo GPS.

**Estas cotas de inscrición que se veñen de indicar inclúen os seguintes servizos durante a proba:**

- **Chan Duro** en Pavillón para pasar a noite do Venres 11.
- **1 Camisola Técnica** conmemorativo da proba para todos os participantes.
- **1 Dorsal** por corredor.
- **2 Xogos de Mapas de Carreira** por equipo.
- **1 Mapa de Asistencias** por equipo.
- **1 Raid – Book** por equipo.
- **1 Pulseira Inviolable** por corredor para a suxeición das tarxetas SI
- **1 GPS** da plataforma **Tracktherace** por equipo.
- Aluguer de **1 Kaiak, 2 chalecos salvavidas e 2 pás** para a sección de **kaiak**.
- Servizo de **Ambulancia** durante a proba.
- **Avituallamento líquido** nas Transicións e puntos estratégicos das seccións longas.
- Servizo de **duchas con auga quente** para todos os corredores.
- Servizo de **lavado de bicicletas**.
- **Pincho** de confraternidade para todos os participantes ó remate do evento.

- **1 Trofeo por corredor** para os 3 primeiros equipos clasificados en cada categoría.

Os equipos deberán traer, e portar no seu caso, o resto de material obligatorio do raid, tanto o xeral da proba como o específico para as probas especiais de Escalda e Rappel.

## **12\_ MATERIAL OBRIGATORIO, ACONSELLABLE e PROHIBIDO.**

No BUDIÑORAID \_ Terras do Louro 2015 os **equipos**, para a súa seguridade, **deberán ter, e portar no seu caso, o seguinte material Obligatorio:**

### **1\_ Material Obrigatorio por Equipo sempre en carreira.**

- **Compás (brújula)**
- **1 Teléfono Móbil** con batería, apagado e co PIN escrito no exterior
- **Botiquín de Emerxencia** con cando menos Esparadrapo (2,5m.), Venda (2,5m.), Compresas ou apósitos (5 ud), Antiséptico (50 ml.), Analxésicos (5 ud), Antiinflamatorios (5ud.)
- **GPS de Tracktherace** (facilitado pola organización)

### **2\_ Material Obrigatorio por Corredor sempre en carreira.**

- **Silbato, e coñecer o código morse de S.O.S (...---...)**
- **Manta Térmica**
- **Mochila**
- **Recipiente para bebida (1 l.)**
- **Ración Enerxética (200 gr.)**

### **3\_ Material Obrigatorio por Equipo segundo o sector ou proba especial a disputar. (non necesario se non se vai a facer a proba especial)**

- **Kaiak** (uso obligado do kaiak aportado pola organización)
- **Casco** (para rappel e escalada. No rappel sirve o de BTT)
- **Arnés** ( homologado para rappel e escalada)
- **Cinta Cosida 60 cm.**( homologada para rappel)
- **8** ( homologado para rappel e escalada)
- **2 Mosquetóns** ( homologados para rappel)
- **Cordino para nudo Machard** ( homologado para rappel)
- **Kit de Ferramentas para BTT**

## **4\_ Material Obrigatorio por Corredor segundo o sector ou proba especial a disputar.**

- **BTT**
- **Casco BTT**
- **Pás Kaiak** (aportadas pola organización ou propias)
- **Chaleco Kaiak** (uso obligado aportado pola organización)

## **5\_ Material Aconsellable.**

- **Pés de Gato** (para escalada)
- **Guantes** ( para BTT, Rappel e Kaiak)
- **Cortaventos** (dependendo do clima o día da proba)
- **Chuvasqueiro** (dependendo do clima o día da proba/kaiak)
- **Camiseta Térmica** (dependendo do clima o día da proba)
- **Braga de colo**(dependendo do clima o día da proba)
- **Polainas** (vexetacións silvícola nesta época)
- **Manguitos** (vexetacións silvícola nesta época)
- **Porta - mapas estanco** (Kaiak sobretodo)
- **Porta - móvil estanco** (Kaiak sobretodo)
- **Porta - mapas BTT**

## **6\_ Material Prohibido.**

- **Calquera dispositivo GPS** (a excepción do facilitado pola organización)

## **CONTROL DE MATERIAL**

A organización realizará un ou varios control sorpresa para comprobar se os equipos / corredores portan consigo este material obligatorio.

## **SANCIÓNS**

En caso de que non fose así aplicarase unha sanción de **3 ptos por cada elemento** obligatorio que non se porte.

## **13\_ CLASIFICACIÓNS e PREMIOS.**

Neste raid existirá unha clasificación independente para cada unha das seguintes categorías, con entrega de **trofeo individual** para cada un dos compoñentes do equipo:

- **Elite**
- **Aventura**
- **Oriente - Raid.**

Os equipos clasificaránse por orde atendendo os seguintes criterios:

**1º\_ Á Suma Total dos puntos** obtidos nos controis visitados (cada punto de control terá un valor diferente en función da dificultade física e técnica para a súa obtención)

**2º\_ Ó Tempo Total** invertido no raid para a obtención de estos puntos. Este obtense o restarlle ó tempo real invertido as bonificacións ou neutralizacións e sumarlle as penalizacións acumuladas por cada equipo.

Os **equipos nos que algún dos integramente sexa unha muller** beneficiaranse dunha bonificación, aplicable **por seccións**, equivalente ó 5% do tempo real invertido en cada sección, tendo en conta que a

bonificación só se aplicará nas seccións nas que o equipo forme alomenos con unha muller.

Para que un **Equipo puntúe como Mixto** na Liga Galega de Raids de Orientación 2015 este debe **formar con unha muller** cando menos en **4 dos 7 sectores do Raid.**

## **14\_ ORGANIZACIÓN e CONTACTO.**

Este evento está organizado polo **Budiñoraid–orientación, a sección de Orientación da Asociación Deportiva A FORNA de Budiño**, unha das 3 operativas en este momento. Esta asociación deportiva ten a súa sede no **Centro Cultural A FORNA de Budiño**, no concello de O Porriño.

Esta sección foi creada no ano 2012, ano no que empezou a competir en diversas probas do calendario galego da **Federación Galega de Orientación**, tanto en carreiras de Orientación a Pé, como en BTT ou en Raids de Orientación.

Co fin de expoñer toda a información, así escutar e tratar de clarexar calquera dúbida sobre esta proba a citada asociación vai a poñer ó voso dispor os seguintes medios de contacto:

- E-mail: [budinhoraid@gmail.com](mailto:budinhoraid@gmail.com)
- Páxina en Facebook:  
[https://www.facebook.com/pages/BUDIÑORAIID\\_TerrasdoLouro/1626057347608405](https://www.facebook.com/pages/BUDIÑORAIID_TerrasdoLouro/1626057347608405)
- WEB da Asociación: <http://www.aforna.org>
- WEB da Fegado: <http://www.fegado.es>
- WEB de Tracktherace: <https://tracktherace.com/es/events>

**DIRECTOR DE PROBA:** Carlos

**COORDINADORES DE SEGURIDADE:** Victor e Almu

**TRAZADOS:** Carlos, Javi , Caba e Sito

**CRONOMETRAXE:** Javi, Dani e Jose

**CONTROL DE PERCORRIDO E SEGURIDADE:** Ruli, Pedro e Vero

## **15\_ PATROCINADORES e COLABORADORES.**

Non sería posible levar a cabo a organización de este ambicioso proxecto sen a incondicional axuda dos seguintes:

COLABORADORES		
 Concello de Salceda de Caselas	 Concello do Porriño   O Porriño O Concello do Deporte	 Excmo. Concello de Tui
 fegado Federación Galega de Orientación		
		

# 1º BUDIÑORAID \_Terras do Louro 2015



## PATROCINADORES


# 1º BUDIÑORAID \_Terras do Louro 2015



CENTRO DE FISIOTERAPIA

Juan M. Rodríguez  
Colegiado nº: 1390



C/ Doctor Zunzunegui Nº 11  
Telf.: 986 34 78 07 - Salceda de Caselas

## SERTUY



Áreas de servicio en Guillarei (Tui) y San Cosme (Mos)  
Distribución de gasoleos a domicilio, lavado automático y boxes,  
aspirado, tienda y autoservicio 24h  
Tfnos: 986600017